



PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO AO REAGRUPAMENTO FAMILIAR

Información para entidades sociais

O programa de acompañamento ao reagrupamento familiar é un **servizo municipal especializado en traballar con familias estranxeiras que iniciaron ou queren iniciar un proceso de reagrupamento familiar**. O obxectivo xeral é favorecer a inserción social e a autonomía das familias estranxeiras reagrupadas na cidade da Coruña.

▽ A QUEN VAI DIRIXIDO?

O programa vai especialmente dirixido a **menores estranxeiros/as** que foron reagrupados/as polos seus **pais e/ou nais**. E a **mulleres estranxeiras** reagrupadas polos seus maridos.

▽ EN QUE CONSISTE?

Desde o programa ofrécese **orientación e acompañamento** aos e ás menores para favorecer a súa inserción socioeducativa e elaborar o dolo migratorio. Aos seus pais e nais para fortalecer as habilidades parentais e a relación paterno-filial, que pode verse afectada polos anos de separación. E ás mulleres reagrupadas polos seus maridos para favorecer a súa autonomía e a súa integración sociocomunitaria. **A intervención pode ser individual e/ou en grupo.**

▽ ONDE SE DESENVOLVE?

O programa desenvólvese na UAMI (Unidade de Atención a Migrantes do Concello da Coruña), situada no Centro Cívico de Mallos (Avda. de Arteixo, 147). A responsable do programa é a técnica de Igualdade, Lidia Rama Regueiro.

Teléfono de contacto: 981 184 354

▽ A QUEN SE PODE DERIVAR?

Desde as entidades pódese facer a derivación daquelas familias que encaixen no perfil e que desexen de forma voluntaria participar no programa.



O perfil das persoas usuarias é:

- **Menores reagrupados/as** que presentan dificultades de adaptación ao contexto socioeducativo derivadas do proceso migratorio.
- **Pais e/ou nais reagrupantes** que teñen dificultades na relación cos seus fillos ou fillas e/ou que descoñecen o funcionamento dos recursos socioeducativos da cidade.
- **Mulleres estranxeiras reagrupadas** polos seus maridos que teñan dificultades para desenvolver unha vida autónoma e integrarse na comunidade e/ou proveñan de países cunha grande desigualdade de xénero.

△ COMO SE DERIVAN OS CASOS?

O/a profesional informa a familia sobre a existencia do programa. Se a familia mostra a súa vontade de participar no programa, o/a profesional envía o protocolo de derivación correspondente (achéganse a continuación) ao seguinte enderezo de correo electrónico: l.rama@coruna.es. Unha vez recibido o protocolo, a técnica responsable do programa contactará coa familia para marcar unha primeira entrevista e confirmaralle á persoa profesional derivante a inclusión da familia no programa.



PROTOCOLO DE DERIVACIÓN DE MENORES PARA ENTIDADES SOCIAIS

DATOS DO CENTRO DERIVANTE

DATA		CENTRO	
PROFESIONAL DE REFERENCIA			
MAIL		TELÉFONO:	
INTERVENCIÓN DESDE O CENTRO DERIVANTE:			

DATOS DO/DA MENOR

NOME	
APELIDOS	
DATA DE NACEMENTO	
LUGAR DE PROCEDENCIA	
TEMPO EN ESPAÑA	

DATOS FAMILIARES

PAI		TELF.:	
NIE			
NAI		TELF.:	
NIE			
COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR			



DESCRIPCIÓN DO MOTIVO DA DERIVACIÓN AO PROGRAMA

ACTITUDE DA FAMILIA CON RESPECTO Á DERIVACIÓN AO PROGRAMA

Asinado pola/o profesional de referencia:

A Coruña, de de 2019



PROTOCOLO DE DERIVACIÓN DE MULLERES PARA ENTIDADES SOCIAIS

DATOS DO CENTRO DERIVANTE

DATA		CENTRO	
PROFESIONAL DE REFERENCIA			
MAIL		TELÉFONO:	
INTERVENCIÓN DESDE O CENTRO DERIVANTE:			

DATOS DA MULLER

NOME			
APELIDOS			
NIE			
DATA DE NACEMENTO			
LUGAR DE PROCEDENCIA			
TEMPO EN ESPAÑA			

DATOS DA PARELLA

NOME			
APELIDOS			
NIE			
DATA DE NACEMENTO			
LUGAR DE PROCEDENCIA			
TEMPO EN ESPAÑA			

DESCRIPCIÓN DO MOTIVO DA DERIVACIÓN AO PROGRAMA

--



**ACTITUDE DA MULLER E A PARELLA RESPECTO DA
DERIVACIÓN AO PROGRAMA**

Asinado pola /por profesional de referencia:

A Coruña, de de 2019